

# BASES XIV CONCURSO DE POSTAIS DE NADAL EN BARRO: UNHA BOA NOVA NO NADAL

O Concello de Barro a través da Oficina de Información Xuvenil vén a convocar o “XIV Concurso de Postais de Nadal”.

A este concurso poderán concorrer **as persoas empadroadas no Concello de Barro**.

As postais enviadas terán un **tamaño de 21 x 4,50 cm** (é o tamaño de medio folio DIN-A4), podendo ser en branco e negro ou en cor.

Cada concursante poderá presentar como **máximo dúas postais**.  
**Tema** estará relacionado con: **unha boa nova no Nadal**

**Presentaranse** na Oficina de Información Xuvenil deste Concello, sita na Biblioteca Pública Municipal, antes das 14 horas do día **12 de decembro** de 2014, indicando na parte posterior da postal a categoría e os datos do concursante: nome, apelidos, data de nacemento, enderezo completo e teléfono.

Tódalas postais admitidas serán expostas no Pavillón o día da Cabalgata de Reis e despois na Biblioteca pública Municipal de Barro, **fallándose o concurso o día 15 de decembro** outorgándose o premio o día da Cabalgata de Reis.

**Categorías** serán:

- 1.<sup>a</sup> categoría Infantil
- 2.<sup>a</sup> categoría 1.<sup>o</sup> ciclo de primaria
- 3.<sup>a</sup> categoría 2.<sup>o</sup> ciclo de primaria
- 4.<sup>a</sup> categoría 3.<sup>o</sup> ciclo de primaria
- 5.<sup>a</sup> categoría 1.<sup>o</sup> ciclo de secundaria
- 6.<sup>a</sup> categoría 2.<sup>o</sup> ciclo de secundaria
- 7.<sup>a</sup> categoría A partir de 16 anos

A postal gañadora por cada categoría obterá un **premio**, excepto os pertencentes á categoría infantil onde todos levarán un pequeno agasallo.

O premio poderá quedar deserto a criterio do Xurado, que adoptará as resolucións por maioría.

O **Xurado** estará composto polos seguintes membros:

Presidenta:

\*Dna. Rosa Varela Magariños ou persoa na que delegue.

Vocais:

\*Dna. M.<sup>a</sup> Nita Rivas Fernández. Profesora de Educación artística 3<sup>o</sup> ciclo do C.E.I.P. “Amor Ruibal” de Barro.

# BASES XIV CONCURSO DE POSTAIS DE NADAL EN BARRO: UNHA BOA NOVA NO NADAL

- \* Dna. Blanca María Lago Suárez Coordinadora de actividades complementarias y extraescolares. C.E.I.P “Amor Ruibal” de Barro.
- \* Dna. Consuelo Vázquez Tur. Directora do I.E.S. de Barro.
- \* Dna. M<sup>a</sup> Teresa Regueira Rodríguez Profesora de Educación Plástica do IES de Barro.
- \*Secretaria: Dna. Pilar Álvarez García, Informadora Xuvenil.

A participación no Concurso leva a cesión a favor do Concello de Barro dos dereitos de reprodución e distribución, sobre as obras e a exposición dos seus traballos. Así mesmo poderán aparecer tanto nas publicacións editadas polo Concello de Barro como na [Web www.barro.es](http://www.barro.es), sempre citando a procedencia e autor.

As decisión do Xurado serán inapelables, sendo da súa competencia a adopción das decisións que coide oportunas, naquelas circunstancias non contempladas nas presentes Bases.

A participación neste Concurso supón a aceptación íntegra destas Bases e das decisións do Xurado.

Barro, 12 de novembro de 2014  
O Alcade  
Asdo.: José Antonio Landín Eirín